

RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS DAS DICIPLINAS DOS GRAOS EN DESEÑO

Coincidindo co período inicial do curso, e unha vez efectuada a matrícula, a normativa académica das ensinanza superiores, posibilita o recoñecemento créditos ECTS das diferentes disciplinas, con dúas posibilidades:

1. Un recoñecemento completo dos créditos totais dunha disciplina, o que suporá a validación ou exención de cursar a disciplina correspondente (coa cualificación numérica obtida no centro de procedencia).
Se a cualificación non fose numérica, aplicarase a seguinte equivalencia: Aprobado/suficiente: 5,5. Ben: 6,5. Notable: 8,0. Sobresaliente/matriculación de honra: 9,5. Se non existise cualificación, ou figure como exento/a, validada, recoñecida ou adaptada, figurará como REC (recoñecida), e non computará a cualificación media.

2. Un recoñecemento parcial dos créditos totais dunha disciplina, o que suporá cursar só a parte da programación non recoñecida, segundo criterio do profesorado correspondente.
A cualificación, neste caso, será a media ponderada de ambas partes.

É moi importante sinalar que, o alumnado pendente do recoñecemento deberá asistir ás clases ata que chegue a resolución favorable ou desfavorable a solicitude. Se esta chegase con posterioridade a un procedemento avaliador, modificaríase a documentación administrativa existente.

O procedemento para o recoñecemento pasa por que a dirección do centro remita as solicitudes a Dirección Xeral, que é a que resolve (asesorada por unha comisión) e o notifica, antes de 3 meses, aos centros.

Para efectuar a solicitude, deberá cubrirse dixitalmente o formulario asociado e enviarse a acceso2526@escoladeartelugo.com xunto con a seguinte documentación tamén en formato dixital:

- Certificación de matrícula nas disciplinas para as que solicita o recoñecemento de créditos.
- Certificación de ter superada/s disciplina/s, materia/s ou módulos alegadas para o recoñecemento.
- Programa/s oficiais das disciplinas alegadas para o recoñecemento ou aquela documentación acreditativa necesaria para o devandito recoñecemento.

Os créditos solicitados para o seu recoñecemento non poderán superar o 60 % dos créditos ECTS totais do plan de estudos.

Algúns criterios que poden axudar a hora de facer a solicitude correctamente son os seguintes:

En canto a súa tramitación administrativa:

É obrigado estar matriculado/a nas disciplinas nas que solicitan recoñecemento ECTS

É obrigado aportar a documentación en idioma oficial da comunidade autónoma (galego ou español).

É obrigado indicar correcta e completamente os estudos alegados para o recoñecemento, e alo menos: nome, estudos, curso, data, nº de créditos ECTS se os ten, e nota obtida.

En canto aos criterios académicos aplicados pola Dirección Xeral e a comisión asesora:

Os estudos que sirvan de soporte para recoñecer ECTS poden ser de diferente natureza e/ou nivel académico (Diplomatura, Licenciatura, Grao, Formación Profesional, Ciclos Formativos...etc.), pero sempre teñen que estar homologados polo Ministerio de Educación.

Non serán recoñecidos créditos ECTS do TFE, igualmente non serán aceptados créditos ECTS de TFG Universitario, TFE das EESSD, PI das EEPPAPD ou Proxecto Final das Ensinanzas Deportivas.

Non se recoñecerán créditos que xa serviran como soporte de recoñecemento previo de disciplinas na mesma especialidade.

No recoñecemento por cambio a outra especialidade das EESSD, recoñeceranse todos os créditos ECTS das disciplinas de formación básica. Nas restantes aplicarase o criterio xeral.

En canto a súa avaliación:

No recoñecemento dunha disciplina por ter cursado máis dunha disciplina noutro centro/ensino, a cualificación será a media das cualificacións de orixe.

Algúns casos particulares que poden ser obxecto do procedemento de recoñecemento de créditos ECTS son os seguintes:

Contéplase que a participación en actividades culturais, artísticas, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación (cunha duración que sexa alo menos equivalente ao número de horas dos créditos ECTS que se solicitan), poida ser alegada como soporte para o recoñecemento (ata un máximo de 6 ECTS do total do plan de estudos e sempre no caso de disciplinas optativas).

Contéplase que a participación en Programas de Intercambio poida ser alegada como soporte para o recoñecemento. Neste caso, corresponde á dirección do centro o seu recoñecemento, ao abeiro das circunstancias particulares de cada caso e o posible acordo previo entre os dous centros, de habelo.

Contéplase o recoñecemento completo dos créditos das Prácticas en Empresa, alegando experiencia laboral acreditada (cun máximo do 15 % do total de créditos ECTS do plan de ensinanza cursado), ou do recoñecemento parcial dos créditos, o que suporá realizar as horas non recoñecidas, a razón 25 horas por cada crédito ECTS.

Contéplase o recoñecemento, completo ou parcial, dos créditos das Prácticas en Empresa, alegando ter superado prácticas externas dun Título Universitario ou Título Superior de AAPPD ou Título Superior de FP, sempre que se trate dunha rama de coñecemento directamente relacionada coas EESSD. Neste caso, 25 horas de prácticas externas curriculares equivale a 1 crédito ECTS. Haberá de realizar as horas non recoñecidas, a razón 25 horas por cada crédito ECTS.

Para calquera outra información ou resolución de dúbidas pódese acudir a administración do centro.